

EDITORIAL

Outro mes das flores esta xa aquí. O mes no que se celebra o día das letras galegas, este ano dedicado a Filgueira Valverde, cuxa designación non estivo exenta de polémica debido a súa ambigua relación co franquismo, un réxime que non destacou precisamente pola defensa da nosa cultura. Ademais da súa figura, este mes deixamosvos un artigo redactado por unha das persoas que colaboran con esta asociación, e que nos fala da historia dun pequeno estado independente que durante séculos existiu na froneira galaico-portuguesa.

Saúdos.



INDICE

- Persoeiro do mes :Xosé Filgueira Valverde.
- Axenda Cultural.
- Artigo: couto Mixto. Un espazo independente entre Galicia e Portugal.

PERSOIRO DO MES : Xosé Filgueira Valverde.



Xosé Fernando Filgueira Valverde naceu en Pontevedra en 1906. Realizou estudos de Dereito, Filosofía e Letras (alcanzando o título de doutor) e Psicoloxía nas Universidades de Santiago de Compostela e Zaragoza. En 1923 formou parte do grupo de fundadores do Seminario de Estudos Galegos, onde dirixiu a sección de Historia da Literatura. Desde ese momento e até a súa morte, acontecida en Pontevedra en 1996, o erudito pontevedrés mantería unha gran actividade na promoción de iniciativas culturais.

Filgueira Valverde iniciou o seu amplo labor docente en 1927 no Instituto de Ensino Medio de Pontevedra. En 1935 gañou unha cátedra no Instituto Balmes de Barcelona e posteriormente exerceu en Lugo e na cidade do Lérez, da que foi alcalde. Pola súa dedicación ao ensino recibiría o alcume do "vello profesor".



Membro numerario da Real Academia Galega desde 1942 e correspondente das Reais Academias de Historia, de Lingua e de Belas Artes de San Fernando, en 1972 foi nomeado vocal do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Dirixiu ademais o Museo "Rosalía de Castro", o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos e o Museo de Pontevedra. No bienio 1982-83 exerceu o cargo de Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia.

Na década de trinta foi colaborador habitual de El Pueblo Gallego e Logos, publicación esta última en que mantería unha sección de comentarios bibliográficos asinados co

pseudónimo J. A. Para alén destes artigos, a súa obra literaria atinxe a narrativa, a poesía, o ensaio e o teatro. Así, na súa produción figuran o libro de relatos *Os nenos* (1925) e a

semblanza *O vigairo* (1927); o texto teatral *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936) —estreado en 1932—, de novo asinada por J. Acuña; as antoloxías *Cancioneiriño de Compostela* (1932) e *Cancioneiriño novo de Compostela* (1969), en que recolle composicións do medioevo e etapas posteriores que fan referencia á capital galega, ou o volume de prosas literarias *Quintana viva* (1971).

Porén, a maior aportación de Filgueira Valverde constitúena os seus traballos no campo da investigación. Moitas destas prosas, espalladas pola imprensa diaria, foron recollidas polo autor nos nove volumes editados baixo o título xenérico de *Adral* entre os anos 1979 e 1996. As súas aportacións ao coñecemento da lírica medieval verían a luz en 1992 no libro *Estudios sobre lírica medieval: traballos dispersos (1927-1987)*.

AXENDA CULTURAL : Maio.

Cervexería Encontro



- Venres 9, as 00:00 : Flying Carpet.
- Venres 16, as 00:00 : Ghitarrada especial das letras Galegas.
- Venres 23, as 00:00 : Karbon 14.
- Venres 30, as 00:00 : Rambling Rose.

Auditorio



- Domingo 3, as 18:00 : concerto solidario en beneficio de AHUCE, a cargo da pequena Cristina Costa
- Venres 8, as 21:30 : Concerto da Banda de Musica municipal de Ribadumia .
- Domingo 10, as 20:00 : concerto día das letras galegas a cargo do tenor Cesáreo Torres e o pianista Alejo

Amoedo, interpretando doce poemas de Xosé Neira Vilas "Cantos que veñen de lonxe"

- Domingo 17, as 18:30 : concerto Agrupación Músico cultural de Ribadumia.
- Domingo 24, as 20:00 : maxia cómica teatralizada, a cargo do grupo Expresión Produccións, co a obra Trio de Ases.
- Sábado 30, as 20:00 : concerto fin de carreira: trombón acompañado de pianista.
- Domingo 31, as 18:00 : VI Festival fin de curso de Danza Moderna.

ARTIGOS : Couto Mixto. Un espazo independente entre Galicia e Portugal.

Enrique Oubiña.



Todos sabemos que por Europa adiante existen pequenos anacos de terra independente, minúsculos países que manteñen a súa autonomía. Andorra, Monaco, San Marino... Moitos pensan que estes territorios existen gracias a súa situación de paraísos fiscais, e non serei eu

quen o negue, pero a realidade é que todos estes anacos de terra teñen mais historia que algúns países moito mais grandes. Ademais non son nin moito menos excepcións históricas. Convidovos por exemplo a que busquedes nas redes a historia Moresnet... Eu, pola miña banda vouvos falar do **Couto Mixto**, un territorio que existiu entre Galicia e Portugal, que gozou da calidade, pioneira na península, de república e independente, e que desaparecería no 1868.

O Couto Mixto trátase dun pequeno territorio situado hoxe en día na provincia de Ourense, e que comprendía os pobos de Santiago de Rubiás, Rubiás, Meaus e un cuarto pobo chamado Pena, do cal só se ten constancia documental. Este espazo de terreo, hoxe repartido entre os Concellos de Calvos de Randín e Baltar, destacou por ser, de facto, unha república autónoma con toda unha serie de privilexios acordes ao seu status dende o século XII, inda que mirando por aí hai quen lle pon o nacemento no s.X, e ata o ano 1868 en que, oficialmente, foi disolta por un acordo entre Portugal e España.

A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

As orixes deste espazo fronteirizo non están anda claras. Segundo Luis García Mañá, Presidente da Asociación de Amigos do Couto Mixto, a historia deste territorio ten a súa orixe durante a independencia de Castela da Coroa de Portugal, na repartición dos pobos e vilas fronteirizos co Reino de Castela, ao polo s.XII, que o deixou nunha situación moi ambigua. Mesmo existe unha lenda di que unha princesa embarazada se perdeu por estes lares, e como encontrou

acubillo nos seus habitantes, a raíña os premiou cos privilexios dos que contaban.

O misterio podía non ser tal, pois existían arquivos que podían arrojar luz sobre este asunto, mais os agradables dos franceses queimáronos en 1809 cando fuxían escopeteados das tropas inglesas.

Os habitantes do Couto, que chegaron a superar o milleiro de persoas na súa mellor época, inda que agora non chega os 200, tiñan dereito a escoller libremente a nacionalidade según lle convira: portuguesa, española ou veciño do Couto. Así mesmo, estaban exentos de prover de tropas a ambos os dous países, de pagarlles impostos, non necesitaban licenza de armas, non



O arquivo do Couto Mixto gardábase nunha ARCA DE MADEIRA custodiada na Igrexa de Santiago. Albergaba os documentos que, dende tempos medievais, facían do Couto Mixto un territorio, en práctica, independente. Pechábase con tres chaves, cada unha gardada por un dos tres Pobos (Santiago, Meaus e Louras), o Xuíz Poseía unha delas. Para abrir a Hucha debían reunirse doce homes, mais os tres posuidores das citadas chaves (quince en total), cinco por pobo. Abrir a Arca requiría unha cerimonia solemne, símbolo do valor sagrado que, para as súas xentes, significaban os seus privilexios. Os documentos foron destruídos polos Franceses en 1809, cando se retiraban da Península.

Na actualidade a ARCA (restaurada) constitúe o símbolo do Couto Mixto. Nela gárdase, dende 1998, toda a documentación referente á recuperación da Memoria Histórica. Para abrir a Arca mantense a tradición das tres chaves que corresponden aos tres mencionados Pobos do Couto Mixto (Santiago, Meaus e Louras).

estaban obrigados a utilizar impresos oficiais, non tiñan obriga de participar en política e tampouco necesitaban documentos acreditativos da súa identidade, xa que coa partida de nacemento lles abundaba.

No Couto Mixto non podían entrar as autoridades, nin españolas nin portuguesas, a non ser que fosen por delitos de homicidio, polo que era moi común que se usase como zona de asilo, pois ademais a xente do Couto non podía ser detida nos 6 kms do chamado "Camiño Privilexiado", unha senda que hoxe conduce ao pobo portugués de Tourem, nin nunha legua (o redor dos 5 km) no ámbito do territorio do Couto. Tiñan, asemade, liberdade de comercio, polo que a zona tivo unha grande actividade comercial, que na practica supoñía contrabando de todo tipo. Igualiño que Andorra, por certo.



Estatua dedicada o último Xuiz.

A capital do Couto Mixto radicábase no pobo de Santiago, e a máxima autoridade do territorio, o chamado Xuíz, elixíase en asemblea de veciños cada tres anos, xunto os chamados Homes de Acordo e Homes Bos, semellantes a concelleiros, que exercían a administración política do Couto independentemente de calquera outra, a excepción da eclesiástica, xa que estaban supeditados á Diocese de Ourense.

Como é de supoñer, tanta liberdade molestaba aos gobernos español e portugués.

En 1851, os portugueses e os españois comezan conversacións con tal de redefinir as fronteiras e rematar así cos privilexios dos habitantes do Couto, que inda que o tentaron, non puideron evitar que as diplomacias hispanas e lusas, no medio do convulso século XIX, fixesen co seu territorio o que lles petara, incluído sacarlles os dereitos cos que levaban tantos séculos vivindo.

Tras unhas longas negociacións que levaron 13 anos, en que as diferenzas entre ambos os dous países foron constantes, con divisións do territorio que non eran aceptadas nin por uns nin por outros, finalmente, en 1864, chegouse ao acordo de que a totalidade do Couto Mixto pasaría a ser español, a cambio doutros 3 pobos fronteirizos, dos que se denominaban "promiscuos" por pasarlles a raia da fronteira política por enriba partíndoos en dúas metades. O acordo foi ratificado



A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

en Santiago de Rubiás o 23 de xuño de 1868, significando o fin da secular existencia do Couto Mixto.

Dende entón a zona empezou a sufrir un lento decaer, xa que se ben ata 1960 tivo certa vixencia o contrabando, a partir de entón xa nin iso, despoboándose cada vez máis ata a situación actual. Sexa como sexa, os veciños do Couto Mixto, que formaron unha asociación que se rexe seguindo os termos históricos do Couto, loita por que a memoria desta paraxe galega, antano independente, non se perda no esquecemento.